



**ASUNTO: Circular para informar da necesidade de por a disposición da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia a aula CeMIT para a realización das probas da certificación galega en competencias dixitais.**

ANTECEDENTES

Que o 2 de setembro de 2021 se asina o decreto 123/2021 polo que se regula o Marco Galego de Competencias Dixitais e a certificación galega en competencias dixitais, onde se establecen os requisitos, criterios e procedementos para a súa obtención.

Que o 30 de setembro de 2022 asinouse o Convenio de colaboración entre a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias para a xestión do Plan de Reforma e Ampliación da Rede de aulas CeMIT. Cara á plena capacitación dixital da sociedade galega 2022-2025.

Este convenio ten por obxecto regular a colaboración entre ambas institucións para o desenvolvemento do Plan de Reforma e Ampliación da Rede de aulas CeMIT. Cara á plena capacitación dixital da sociedade galega 2022-2025. Así mesmo, este convenio recolle as medidas e compromisos xerais que deben asumir as entidades locais que contan cunha aula CeMIT adherida ao devandito plan.

E tendo en conta o anterior, informase que:

A Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA), a través da Rede CeMIT, ten previsto ofertar á cidadanía a posibilidade de obter a nova **certificación en competencias dixitais (COMDIX), no seu nivel Iniciación**, mediante a realización de probas de certificación presenciais naqueles concellos que contan cunha aula CeMIT.

Para lograr unha maior cobertura desta iniciativa fronte a demanda prevista, é necesario que as entidades locais que contan cunha aula CeMIT adherida ao Plan de reforma e ampliación da Rede CeMIT, segundo se indica no [anexo 4](#) (aulas de referencia) e [anexo 5](#) (aulas de non referencia) do Convenio de colaboración asinado entre a Amtega e a Fegamp citado na parte expositiva, **garantan a posta a disposición da súa aula** así como presenza dun responsable desta, **para a realización de ditas probas de certificación durante un mínimo de 4 convocatorias ao ano**, involucrándose na difusión e captación de usuarios/as, así como na supervisión dos exames.

Proximamente, os/as responsables das aulas serán convocados/as a unha reunión por videoconferencia onde se expoñerá a calendarización prevista, así como os detalles do programa de autoformación que se abrirá cara a facilitar a preparación destas probas polas persoas interesadas, co obxecto de que identifiquen a súa dispoñibilidade.

En Santiago de Compostela, a 27 de xuño de 2024.